

ACTIVIDADES DE VERÁN 2022 EN TOQUES. BASES

Campus deportivo

Campamento de verán

Cursos de piscina menores e adultos

DURACIÓN:

4 semanas, desde o 4 de xullo ata o 29 de xullo 2022

HORA:

Campamentos: 10:30 – 14:00, salvo os días de saídas, que se levarán a cabo con previo aviso.

Cursos de piscina:

- Curso infantil (2016 – 2012), de luns a xoves de 16:00 a 16:45
- Curso adultos, de luns a xoves de 15:00 a 15:45

PRECIO:

Campamentos: 30 euros cada nena/o [Ordenanza fiscal reguladora de taxa de campamentos (nº 13), publicada no BOP nº 3 do 07/01/2014]

Cursos de piscina para menores: exento de pago

Cursos de piscina para adultos: 16 euros/mes [Ordenanza fiscal reguladora de taxa por actividades deportivas (nº 14), publicada no BOP nº 3 do 5/01/2011]

IDADE:

Campus deportivo: 2012-2004

Campamento de verán: 2010- 2018

Curso piscina infantil: 2016 – 2012

LUGAR ONDE SE LEVARÁ A CABO O CAMPAMENTO:

Aula da natureza, polideportivo, piscina e arredores.

INSCRICIÓN:

Desde o día 20 de xuño 2022 ás 9 h. da mañá ata o día 22 de xuño 2022 ás 14 h. da tarde.

Non se admitirán inscricións nin antes nin despois das datas establecidas.

Hai dúas vías de inscricións: presencialmente no concello ou presentar pola sede electrónica:

1. Presencialmente nas oficinas do Concello de Toques:
 - Cumprimentar unha ficha de inscrición.
 - Asinar as bases dos campamentos.

2. Por sede electrónica (Só se admitirán solicitudes electrónicas a partir das 9:00 h)
 - Descargar a ficha de inscrición dispoñible na noticia publicada na páxina web e cumprimentala.
 - Acceder á sede electrónica por medio da páxina web e cumprimentar o formulario xeral de solicitude, iniciar trámite para o que é imprescindible ter certificado electrónico ou clave pin.
 - Durante este procedemento, debe adxuntarse a ficha de inscrición anterior.
 - Asinar e enviar.

Día 28 de xuño 2022 , publicaranse as listas de admitidas/os.

Días 29 e 30 de xuño 2022: Pagar no Banco Santander,

nº de conta: ES07 0238 8194 1306 6000 0369

Facer constar nome do participante.

Entregar o xustificante de aboamento da cota de inscrición en persoa ou por calquera outro medio dixital (sede electrónica) ao concello.

PRIORIDADE

Ao contar con prazas limitadas, o concello marca prioridades para participar nos campamentos:

1. Terán prioridade as/os empadroadas/os en Toques, asistentes ao CEIP de Toques, participantes en Escolas deportivas e culturais da programación de inverno e fillas/os de traballadoras/es do Concello.
2. Despois, terán prioridade as/os nenas/os por orde de inscrición segun o rexistro do concello.

Toda a programación, protocolos e bases que regulan as actividades poden variar sempre que o Concello de Toques o considere oportuno.

O Concello de Toques resérvase a capacidade de admisión ou exclusión de participantes antes e durante as actividades.

